

ORZAMENTOS 2025

FEGATRI

GASTOS: 451.469,21 €

Consumos de explotación		11.000,00 €
Gastos de persoal		179.237,88 €
	- soldos e salarios	134.538,60 €
	- seguridade social	44.699,28 €
Dotación para Amortización		9.361,33 €
Gastos de Competición e inscricións		58.000,00 €
Actividade Deportiva		55.900,00 €
	Menores	27.500,00 €
	Muller e Deporte	3.600,00 €
	Inclusión	800,00 €
	Outros colectivos (CGTD)	15.000,00 €
	Seleccións galegas	9.000,00 €
Competición Internacional		17.000,00 €
Premios e trofeos		19.000,00 €
Licenzas		1.000,00 €
Alugueres (local, reunións, outros)		3.000,00 €
Reparacións e mantemento		3.400,00 €
Xuíces e Oficiais		25.000,00 €
Dietas Xuíces e Oficiais		5.000,00 €
Servicios profesionais		7.200,00 €
Seguros		51.370,00 €
	Seguros accidentes e RC	48.670,00 €
	Outros seguros	2.700,00 €
Outros gastos (Luz, material oficina,..)		3.000,00 €
Comunicacións		1.500,00 €
Gts. Financeiros		1.500,00 €

	INGRESOS:	451.469,21 €
Ingresos por Licenzas e canon		160.940,21 €
Licenzas	149.440,21 €	
Canon	11.500,00 €	
Ingresos por inscricións		53.000,00 €
Ingresos seguros		2.000,00 €
Ingresos colexio de xuíces e oficiais		20.000,00 €
Ingresos por sancións e accidentes		650,00 €
Ingresos por subvencións (**)		214.879,00 €
 <i>Detalle Subvencións(**)</i>		
Convenio ordinario SXD	184.979,00 €	
FETRI	24.000,00 €	
Equipamentos correspondente a 2025	5.900,00 €	
	214.879,00 €	

Explicación orzamentos 2025

Os orzamentos presentados están baseados no fluxo do exercicio contable 2024, aínda sen pechar e nas expectativas de ingresos, sendo conscientes da situación global do noso deporte na tempada que remata e mantendo polo tanto a liña de gasto e ingreso de xeito conservador co maior axuste as condicións contables a data de presentación do orzamento.

Para a súa elaboración partimos da previsión de ingresos, sen ter a data de hoxe salvo no caso das amortizacións correspondentes a subvencións de equipamentos doutras tempadas, a confirmación de cantidades definitivas das subvencións a recibir, as cales supoñen case a metade do noso financiamento, nin por parte da Secretaría Xeral para o Deporte (convenio ordinario) nin por parte da Federación Española de Triatlón que dependerá do baremo final da nosa actividade en 2025; non obstante seguimos a traxectoria de ingresos dos últimos anos á hora de realizar as previsións e contamos coa solvencia do incremento da licenza 2025 de maiores para poder compensar os incrementos nos custes de seguro.

Anotacións en relación ás diferenzas cos orzamentos doutras tempadas na súa presentación.

1.- En relación aos ingresos, debemos dividir en dúas as fontes de financiamento federativo. Por un lado os ingresos procedentes da actividade deportiva cos ingresos por licenzas, a organización de competicións e eventos e a prestación doutros servizos e por outro a aportación de subvencións. En canto aos patrocinios seguimos traballando para conseguir novas fontes de financiamento, en 2024, conseguíuse colaboración de dúas empresas que subministraron roupa a deportistas do CGTD e os oficiais.

2 Detalle das subvencións, tal e como se indica previamente, ao longo deste mes pecharase o convenio coa Secretaría Xeral para o Deporte polo que se realiza unha estimación en relación aos contactos mantidos coa mesma. En relación aos Ingresos da Federación Española, tense como referencia o percibido pola subvención a FFAA nos últimos exercicios, onde estivemos sempre entre as tres mellores federacións autonómicas e a contía foi semellante. Tamén se conta aquí os ingresos para o programa Amazonas e Lideresas no que participamos a través da área de Muller e Deporte e adquirimos novo compromiso para 2025. Sumamos unha partida coa que contamos en relación á xestión de persoal e secretaría administrativa do Multideporte de Pontevedra como ven sendo habitual neste tipo de probas internacionais en territorio autonómico. O importe de ingresos de equipamentos ven relacionado coa

parte correspondente de imputación a esta tempada das subvencións de equipamentos recibidas entres 2021/2024.

2.2 En canto aos ingresos por licenzas e canon, a nosa previsión é que nesta tempada se manterá o número de licenzas, tendo en conta que a maior baixada se deu nas categorías maiores e os rapaces seguen incorporándose. A plataforma de licenzas, un dos problemas que sumado á recesión económica fixeron que en 2024 se perdesen moitas licenzas vai cambiar para facilitar a tramitación o que cando menos permitirá a fidelización dos actuais federados. A estimación económica está calculada en base ao número actual de licenzas coa subida de 5 euros nas licenzas de maiores para compensar o incremento nos seguros.

3.-Na partida de gastos realizase unha presentación detallada, separando accións globais representativas do gasto federativo adaptadas ao Plan de Federacións que reflicten mellor o funcionamento da federación.

3.1 No apartado de menores, muller e inclusión mantemos as partidas ao igual que a competición internacional e actividade de tecnificación. Incrementamos 1000 euros a partida para seleccións autonómicas na medida en que se incorporarán 8 deportistas máis ao campionato escolar ao incorporar un relevo mixto xuvenil.

3.2 Axústanse os gastos xerais cunha pequena baixada e incorporase a partida de reparacións e mantemento para axustala aos conceptos contables.

3.3 Indicar en relación á partida de seguros que se ben debido ao cambio de póliza os custes son maiores mantemos a previsión orzamentaria á baixa con respecto á tempada anterior tendo en conta a baixada no número de licenzas calculadas á alza para a pasada tempada.